

**PROGRAMA DE ACOLLIDA  
PARA O INICIO DO CURSO  
2020-2021**

**IES PEDRAS RUBIAS**

**Curso 2020/2021**

## ÍNDICE

- A. Novas normas de organización e funcionamento do centro.
- B. Actuacións de prevención, hixiene e protección
- C. Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.
- D. Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.

Segundo as Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa en relación as medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020-2021, o centro educativo elaborará un “Programa de Acollida”.

## **A. Novas normas de organización e funcionamento do centro.**

RECEPCIÓN DO PRIMEIRO DÍA.

REUNIÓN COAS FAMILIAS.

NORMAS NO CENTRO

NORMAS NA AULA

ACCESO AO CENTRO E CIRCULACIÓN DO ALUMNADO

RECREOS

USO DOS ASEOS

NORMAS NO TRANSPORTE

SERVIZO DE CAFETERÍA

NORMAS PARA AS FAMILIAS

## RECEPCIÓN DO PRIMEIRO DÍA

O inicio do curso será escalonado para facilitar a incorporación do alumnado ao instituto. Prestaremos especial coidado á chegada do alumnado de 1º da ESO xa que estean instituto, resultándolles completamente alleo xa que non se fixo a visita tradicional previa do mes de maio.

- Alumnado de **1º da ESO e de 2ºESO** incorpórase o mércores 23 de setembro xa no horario habitual 8:30 a 14h.
- Alumnado de **3º da ESO** o xoves 24 no horario habitual.
- Alumnado **4º** o venres 25 no horario habitual..

## RECEPCIÓN DE 1ºESO

A planificación da xornada é a seguinte:

8:30 / 9:00	RECEPCIÓN
9 / 9:30	PRESENTACIÓNS
9:30 / 10:30	NA AULA CO TITOR/A
10:30 / 10:45	PRIMEIRA PARADA
10:45 / 11:30	RECORRIDO POLO CENTRO
11:30 / 12:15	ACTIVIDADE: "TARXETA DE VISITA"
12:15 / 12:35	RECREO
12:35 / 13:30	"OS/AS NOSOS/AS PROFES"
13:30 / 14	ORGANIZACIÓN DA SAÍDA DE BUSES

- **RECEPCIÓN:** Segundo vaian chegando ao centro serán conducidos á pista deportiva exterior onde se habilitarán bancos coa distancia de seguridade correspondente. En caso de chuvia esta **RECEPCIÓN** terá lugar no pavillón cuberto.
- **PRESENTACIÓN:** Daráselle a **BENVIDA** ao centro e presentárase o equipo directivo, os seus titores/as, parte do profesorado que lle impartirá clase, o equipo de orientación así como a bedel e a secretaría do centro, para que lles vaian resultando familiares.
- A continuación indicáraselles cal será o seu grupo de clase.
- **NA AULA CO TITOR/A** Subirán á aula co seu titor/a, sentándose por orde alfabética (sitio que manterán durante as primeiras semanas) e explicaráselles unhas normas de conduta na aula, e de organización no centro. Despois de presentar a todo o alumnado daráselle a coñecer os nomes dos seus profesores a través dun orla para que vaian familiarizándose coas súas caras.
- Faráselle entrega dun kit de material: axenda, máscara, portamáscaras, bote-chaveiro con xel hidroalcolico, un xiz, toalla para Educación Física (.....) Insistiráselles nas normas sanitarias básicas a seguir durante todo o curso.
- **PRIMEIRA PARADA:** cada titor baixará co seu grupo a facer un pequeno descanso polo patio. Aproveitarase para explicarlles o seu movemento polos corredores do centro: por onde deben subir e baixar, por onde sairán ao recreo e por onde marcharán ao rematar as clases.
- **RECORRIDO POLO CENTRO** Dividirase este tramo horario en dúas partes: cada grupo fará un recorrido por todo o centro para coñecer as instalacións acompañados do titor/a e un membro do equipo directivo, e despois volverán a aula para facer a actividade titulada “Tarxeta de visita” para comezar a coñecerse entre os distintos compañeiros/as e traballar a cohesión do grupo.

- **RECREO:** Explicaráselle o seu horario de recreo para todo o ano e a zona na que deberán estar neste tempo de patio.
- **“OS/AS NOSOS/AS PROFES”**os distintos profesores/as que lles impartirán clase pasarán facerlles unha visita para presentarse.
- **ORGANIZACIÓN DA SAÍDA DE BUSES:** explicaráselles como será o procedemento de saída, indicándolles onde collerán o seu bus, e asignándoselles un sitio fixo que deberán manter todo o curso, tanto na ida como na volta.

## RECEPCIÓN DE 2ºESO, 3ºESO e 4ºESO

A acollida destes niveis, ao xa coñecer o centro, será a seguinte:

<b>HORARIO</b>	<b>ACTIVIDADE</b>
8:30 / 9:00	ASIGNACIÓN DE GRUPO
9:00 / 10:00	NA AULA CO TITOR/A
10:00 / 10:20	PRIMEIRA PARADA
10:20 / 11:30	ACTIVIDADE: "TARXETA DE VISITA"
11:30 / 12:00	RECREO
12:00 / 13:30	"OS/AS NOSOS/AS PROFES"
13:30 / 14	ORGANIZACIÓN DA SAÍDA DE BUSES

**ASIGNACIÓN DE GRUPO:** Según vaian chegando ao centro indicaráselles en que grupo están, subindo directamente a súa aula, onde os estará esperando o seu titor/a.

**NA AULA CO TITOR/A:** Sentaranse por orde alfabética (sitio que manterán durante as primeiras semanas) e explicaráselles unhas normas de conduta na aula, e de organización no centro. Despois de presentar a todo o alumnado daráselle a coñecer os nomes dos seus profesores a través dun orla para que vaian familiarizándose coas súas caras.

Faráselle entrega dun kit de material: axenda, máscara, bote-chaveiro con xel hidroalcolico, un xiz, toalla para Educación Física (.....) Insistiráselles nas normas sanitarias básicas a seguir durante todo o curso.

**PRIMEIRA PARADA:** cada titor baixará co seu grupo a facer un pequeno descanso polo patio. Aproveitarase para explicarlles o seu movemento polos corredores do centro: por onde deben subir e baixar, por onde sairán ao recreo e por onde marcharán ao rematar as clases.

**ACTIVIDADE** “Tarxeta de visita” para traballar a cohesión do grupo e que os vaia coñecendo o seu titor/a.

**RECREO.** Explicaráselle o seu horario de recreo para todo o ano e a zona na que deberán estar neste tempo de patio.

**“OS/AS NOSOS/AS PROFES”:** os *distintos profesores/as* que lles impartirán clase pasarán facerlles para presentarse e ir dando unha indicacións iniciais da súa materia.

Durante este tempo algún compañeiro/a de clase máis un profesor asignado fara un recorrido polo centro para coñecer as intalacións co **alumnado novo** no instituto.

**ORGANIZACIÓN DA SAÍDA DE BUSES:** explicaráselles como será o procedemento de saída, indicándolles onde collerán o seu bus, e asignándoselles un sitio fixo que deberán manter todo o curso, tanto na ida como na volta.



## REUNIÓNS COAS FAMILIAS

A reunión de principio de curso coas familias organizarase da seguinte maneira:

1º da ESO: presencial.

2º/3º/4º da ESO: de xeito virtual.

En todo o caso a información que se facilite nesa reunión será enviada polos alumnos/as naqueles casos que non poidan asistir.

A reunión de nais e pais de **1º da ESO** organizarase por titorías, para manter as distancias de seguridade, no seguinte horario, cunha duración máxima dunha hora:

### **MÉRCORES 30 DE SETEMBRO**

GRUPO	HORA	AULA
1ºA	16:30	Na aula de 1ºA
1ºB	16:30	Na aula de 1ºB
1ºC	18:00	Na aula de 1ºC
1ºD	18:00	Na aula de 1ºD
1ºE	19:30	Na aula de 1ºE

As reunións de **2º, 3º e 4º da ESO** terán lugar na semana do 5 ao 9 de outubro, e serán concertadas a semana antes pola aplicación Abalar móbil.

## NORMAS NO CENTRO

### NORMAS XERAIS DE PROTECCIÓN NO CENTRO

- Uso de MÁSCARA :
  - OBRIGATORIO para todo o persoal, alumnado e visitantes durante todo o tempo.
  - Excepcionalmente e ante unha causa xustificada e durante o tempo imprescindible poderá ser retirada a máscara seguindo as recomendacións para tal actuación.
- Distancia interpersonal de 1,5 metros en todo momento.
- Hixienización de mans continuada.
- Recreos por niveis en zonas do patio limitadas.
- Concreción para cada grupo de :
  - Portas de entrada e saída.
  - Escaleiras.
  - Baños.
- Circulación polos corredores sempre polo lado dereito, dirección indicada con frechas.
- Evitar compartir espazos con alumnado doutras aulas.
- Non compartir material de ningún tipo.
- Evitar reparto de fotocopias, apuntes, etc
- Minimizar cartelería (excepto cartelería covid), fotos, papeis, etc nas paredes co fin de facilitar a limpeza e desinfección.
- Eliminar mobiliario para facilitar a limpeza e desinfección e aumentar espazos dispoñibles.
- Os panos desbotables empregados para o secado de mans ou para o cumprimento da “etiqueta respiratoria” serán refugados nas papeleiras con tapa e pedal. O resto do lixo tirarase nas outras papeleiras.
- Todo o material de hixiene persoal: máscaras, luvas, panos, etc depositarase na FRACCIÓN RESTO, colector habilitado exclusivamente para tal efecto.

## **NORMAS DE AULA**

### **MATERIAL**


- Kit sanitario de Aula.

### **NORMAS AULA**

- Deberá usarse a MÁSCARA en todo momento.
- Hixienizar mans ao entrar e ao saír de cada aula, como mínimo.
- Mesas separadas 1,5 m. Con posicións marcadas no chan. Sempre orientadas cara o encerado.
- Sitios fixos na aula.
- Non se debe compartir material.
- No caso de ter que utilizar material que emprega outro alumnado (teclados, ratos, etc...) desinfectalo antes e despois de usalo.
- Non desprazarse pola aula, salvo que o profesorado así o indique.
- Material escolar, mochila, cazadoras, etc... ordenados no posto escolar de cada alumno/a. Non se usarán os percheiros, casilleiros, etc...
- Haberá horario para VENTILAR as aulas.

**DISTRIBUCIÓN  
DE GRUPOS  
20/21**


**IES PEDRAS RUBIAS**



## USO DOS ASEOS

### MEDIDAS

- Asígnase un aseo exclusivo para cada nivel.
- Uso dos baños durante o recreo:
  - Evítase o uso dos baños durante o recreo co fin de evitar profesorado de garda do que non se dispón.
- No caso excepcional de precisar o uso dos aseos pedirase a chave correspondente en conserxería.
- A capacidade máxima de todos os baños de alumnado é de 2 persoas.
- Péchanse as portas dos aseos e anúlense os lavabos que excedan ao aforo.
- Limpeza unha vez a media mañá e outra ao rematara xornada lectiva.
- Dotación de material: xabón, papel de secado e papeleiras con pedal e tapa.




## ACCESO AO CENTRO E CIRCULACIÓN DO ALUMNADO

### ENTRADAS DO ALUMNADO

#### ENTRADAS ÁS 8:30 E LUNS ÁS 16:30

#### Entradas do alumnado transportado

- 4 autobuses pararán na parte dianteira do centro e 3 no lateral.
- Na parte dianteira os buses descargarán na porta pequena (escaleiras).
- O alumnado do primeiro bus que chegue a cada entrada baixará mantendo a distancia interpersonal e dirixirase **DIRECTAMENTE** á súa aula entrando polas porta indicadas.
- Mentres un autobús non quede baleiro o seguinte non poderá iniciar a baixada.
- Un profe de garda en cada porta de entrada vixiando distancias, máscaras e hixienización de mans. Dentro do edificio o alumnado seguirá a ruta de acceso propia de cada grupo.



**Entradas do alumnado NON transportado**

- Según vaia chegando entrarán a pé polo portal grande de acceso incorporándose á ringleira de entrada propia de autobuses cando o profesorado de garda o indique.

**Entradas de alumnado fóra do horario habitual**

- Portal grande de entrada e porta principal do edificio.

## SAÍDAS DO ALUMNADO


### SAÍDAS ÁS 14:00 E LUNS ÁS 18:10

- Todos os autobuses esperarán ao alumnado no aparcadoiro de buses da entrada principal.
- A saída será escalonada en tempo :
- Cada grupo terá unha porta asignada.
- Cando algún autobús chegue tarde, @s usuari@s esperarán no porche traseiro mantendo a distancia interpersonal.
- O autobús parará na porta lateral do centro.

#### SAÍDAS







## CIRCULACIÓN POR CORREDORES E ESCALEIRAS


- Estableceranse os sentidos de dirección en ambas marxes do corredor con frechas de forma que indiquen a circulación pola dereita de forma individual respectando a distancia de seguridade.
- As escaleiras serán de dobre sentido de circulación se ben non se poden usar nos dous sentidos simultaneamente. As persoas que non leven o sentido determinado para ese momento (subida recreo, baixada, etc...) deberán esperar a que todos/as usuarios/as rematen a subida/baixada.
- Cada grupo terá asignada unha escaleira

### PLANO DE CIRCULACIÓN POLOS CORREDORES E ESCALEIRAS



# IES PEDRAS RUBIAS

**ASIGNACIÓN DE ESCALEIRA A CADA GRUPO 20/21**



**RECREOS**

ASIGNACIÓN DE HORARIOS			
	HORARIO	ZONA AMARELA	ZONA AZUL
	11:00 a 11:30	3ºESO	1ºESO
	11:30 a 12:00	4ºESO	2ºESO

**SAÍDAS/ENTRADAS RECREO**


- As saídas serán graduais:
  - PRIMEIRA QUENDA DE RECREO (11 a 11:30): 1ºC, 1ºE, 1ºB, 1ºD, 1º A // 3ºB, 3ºC, 3ºD, 3ºA
  - SEGUNDA QUENDA DE RECREO (11:30 a 12): 2ºA, 2ºB, 2ºC, 2ºD // 4ºA, 4ºD, 4ºB, 4ºC

**ASIGNACIÓN DE ESPAZOS**

Variará en función das condicións climatolóxicas:

- Non choiva: alumnado ao exterior .
- Choiva: Pavillón (separación en dúas zonas, amarela-vermella, con puntos de ubicación mantendo unha distancia de 2 metros).

## PLANO DE ZONAS DE PATIO



### ZONA AZUL:

De 11 a 11:30: 1º ESO

De 11:30 a 12: 2º ESO

### ZONA AMARELA:


De 11 a 11:30: 3º ESO

De 11:30 a 12: 4º ESO

## NORMAS NO TRANSPORTE

### PROTOCOLO COVID NO TRANSPORTE ESCOLAR – IES PEDRAS RUBIAS

- Uso **OBRIGATORIO** de **MÁSCARA** en todo momento.
- **SITIOS** asignados **FIXOS** durante todo o curso.
  - Asignación de sitios : Priorizarase: compartir aula e a continuación compartir nivel.
  - O Equipo directivo poderá reasignar sitios cando o considere oportuno.
  - Disposición do alumnado por cursos:



- **PARADAS DE BUSES NO INSTITUTO:**
  - **CHEGADA AO INSTITUTO**
    - 4 autobuses pararán na entrada principal á altura da cancela pequena 3 autobuses pararán na entrada lateral.
    - No caso de non coincidir no centro á chegada pararán do seguinte xeito:
      - Entrada principal: Barreiro-Concello/Entenza/Budiño/Parderrubias.
      - Entrada lateral: Picoña/Alto da Forca-Vendanova/Devesa
    - No caso de chegar varios autobuses ao mesmo tempo os primeiros dirixiranse á entrada principal para evitar bloquear a carretera.
  - **REGRESO ÁS CASAS:**
    - Os buses esperarán na entrada principal do recinto escolar estando ás 13:50 no seu posto.
    - No caso de que un autobús non estea á hora convenida, parará na entrada lateral para que o alumnado poida esperar baixo cuberto e debidamente separado.
- **SUBIDA AO AUTOBÚS NAS PARADAS/NO INSTITUTO**
  - Hixienización con xel hidroalcohólico.
  - Orde de subida:
    - Porta traseira: 4ºESO>3ºESO
    - Porta dianteira: 2ºESO>1ºESO
  - Subida mantendo distancia interpersonal.
  - Cada alumno/a ocupará o seu asento inmediatamente.
  - Non está permitido cambiarse de sitio.
  - Durante a viaxe haberá que ir ben sentado, mirando cara adiante.
- **CHEGADA AO INSTITUTO:**
  - Os buses descargarán ao alumnado de un en un.
  - O alumnado baixará ordenadamente, mantendo a distancia de 1,5 m.
  - Orde de baixada no instituto:
    - 1ºESO
    - 2ºESO
    - 3ºESO
    - 4ºESO
  - O alumnado baixará do bus e dirixirase inmediatamente cara á súa aula.
  - Os buses non poderán chegar ao centro antes das 8:15 h.


## **SERVIZO DE CAFETERÍA**

### **ACCESO DO ALUMNADO**

- O servizo de cafetería para o alumnado será a través de ventás exteriores, con dous accesos habilitados, un para cada patio.
- Primeiro atenderase ao alumnado do “patio azul” (frechas azuis) que recollerá o bocadillo na zona indicada no plano, mantendo en todo momento unha distancia mínima de metro e medio entre cada alumno/a (liñas marcadas no chan) e terá que saír de novo ao seu patio cruzando a aula que se atopa nada máis entrar no edificio á man dereita.
- Despois atenderase ao alumnado do “patio amarelo” (frechas amarelas), que tamén manterá a distancia recomendada cunhas marcas no chan, e despois de recoller o bocadillo sairá da fila cara o campo de terra grande.

Os días de chuvias, nas que o alumnado irá ao pavillón, haberá unha única quenda de acceso, primeiro alumnado “amarelo” e despois “azul”, accedendo á cafetería desde o interior do centro (frecha violeta), mantendo unha distancia de metro e medio entre cada alumno mentres se agarda. Despois irán directamente ao pavillón.

# ACCESO Á CAFETERÍA





## NORMAS PARA AS FAMILIAS

### ENTRADAS E SAÍDAS

- Evitarase no posible a presenza no centro de visitantes.
- No caso de ser imprescindible a presenza no instituto, por exemplo, cando se veña recoller un alumno/a:
  - Non se autorizará a entrada de acompañantes (irmás, familiares,..)
  - Evitarase a coincidencia por corredores co alumnado polo que a entrada/saída **non poderá realizarse**:
    - No horario de entrada/saída do alumnado.
    - Durante os recreos.
    - Nos cambios de clase.
  - @s familiares dirixiranse á ventanilla de conserxería onde se lles indicará o lugar onde teñen que acudir.

### PORTAS ENTRADAS /SAÍDAS

- Empregarase a **PORTA PRINCIPAL** tanto para entrar como para saír co fin de minimizar os espazos en contacto cos visitantes.

### PREVISIÓN DE REALIZACIÓN DE TITORÍAS E COMUNICACIÓNS COAS FAMILIAS

- Reunións de titorías realizaranse:
  - Por teléfono,
  - Videochamada.
  - Deixarase constancia escrita.

- Outras comunicacións coas familias:
  - Abalarmóbil.
  - Web do centro.
  - Aula Virtual.
  
- No caso excepcional que requiran titorías presenciais:
  - Realizaranse na Sala de titorías.
  - Seguiranse as medidas sanitarias oportunas.
  - Serán con cita previa anotada en documento compartido con todo o profesorado para concertar unha única titoría en cada momento.
  - Horario específico para evitar encontros co alumnado.

**B) Actuacións de prevención, hixiene e protección.**

<b>FORMACIÓN EN EDUCACIÓN EN SAÚDE</b>
<b>OBXECTIVO</b>
Intensificar a educación en saúde, particularmente na prevención fronte a COVID-19.
<b>MEDIOS</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>• Plan de Acolida.</li><li>• Titorías.</li><li>• Hora de lecer.</li><li>• Actividades a traballar dende diferentes materias.</li></ul>
<b>CONTIDOS</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>• Medidas de prevención da transmisión da Covid-19 e de protección.</li><li>• Lavado e hixienizado de mans correcto.</li><li>• Uso correcto da máscara.</li><li>• Medidas de hixiene respiratoria (tusir).</li><li>• Ventilación.</li></ul>

<b>DIFUSIÓN DAS MEDIDAS DE PREVENCIÓN E PROTECCIÓN</b>
<b>DIFUSIÓN ÁS FAMILIAS</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>• Web do centro.</li><li>• Abalar móbil.</li></ul>

## DIFUSIÓN AO ALUMNADO

- Titorías.
- Hora de Lecer.
- Actividades dentro de diferentes materias.
- Web do centro.
- Aula virtual
- Correo electrónico.

## ACTUACIÓNS

- Entrega dun kit de hixiene o primeiro día de clase:
  - 1 envase enchible de xel hidroalcolico con chaveiro.
  - Portamáscaras.
  - 1 máscara.
  - Toalla para Educación Física.
  - Bolsa.
  - Xiz.

Será proporcionado polo centro pero enchido/renovado a cargo das familias.
- Presentación e uso do kit de aula:
  - Dispensador de xel hidroalcolico na parede á entrada de cada aula.
  - Papeleira con tapa e pedal.
  - Caixa sanitaria de aula: Dispensador xel + desinfectante + panos desbotables.
- “O centro: un espazo seguro”:
  - Importancia de aplicar a enquisa de autoavaliación de síntomas Covid antes de saír da casa,
  - Medidas de prevención: ventilación, distancias, espazos de traballo...
  - Uso correcto da máscara e do postamáscaras, importancia de ter sempre unha de reposto.
    - Protocolo de uso dos compoñentes hixiénicos: lavados de mans, xeles, papeleiras, panos...
  - Comportamento na aula.

- Movements polo centro: entradas, saídas, recreos, baños, cafetería.
- Importancia de traer só material escolar imprescindible, todo marcado co nome do alumno/a.
  - Uso de botella de auga con nome e apelidos para non beber das billas do centro.

**C) Accións formativas para a mellora da competencia dixital.**

<b>FORMACIÓN EN COMPETENCIA DIXITAL</b>	
<b>OBXECTIVO</b>	Intensificar a educación dixital para afrontar coa maior competencia posible a activación do Plan de Contixencia ante un suposto escenario de educación non presencial.
<b>MEDIOS</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Un ultraportátil do Programa Abalar para cada alumno/ de 1º/2º eso.</li> <li>• Aula de Tecnoloxía cun ordenador por alumno/a mantendo a distancia de metro e medio.</li> <li>• Aula de Informática.</li> </ul>
<b>CONTIDOS</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Uso da Aula Virtual do centro.</li> <li>• Familiarización coa páxina web do centro.</li> <li>• Creación e principais usos do correo electrónico.</li> <li>• Iniciación na plataforma de videoconferencias “Webex”.</li> <li>• Realización de enquisas dixitais.</li> <li>• Uso de outras ferramentas dixitais: instagram, blogs, etc.</li> </ul>

<b>DIFUSIÓN DAS MEDIDAS EN COMPETENCIA DIXITAL</b>	
<b>DIFUSIÓN ÁS FAMILIAS</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Web do centro.</li> <li>• Abalar móbil.</li> <li>• Enquisas para diagnosticar a situación dixital de cada familia.</li> </ul>
<b>DIFUSIÓN AO ALUMNADO</b>	

- Materia de Libre Configuración (1º/2º ESO)
- Materia de Tecnoloxía (3º ESO)
- Titorías. (4º ESO)
- Web do centro.
- Aula virtual
- Correo electrónico.

## ACTUACIÓNS

- Avaliación da competencia dixital do alumnado.
- Enquisa sobre medios materiais e acceso a internet nos distintos fogares.
- Uso da Aula Virtual:
  - Facilitar a cada alumno/a nome de usuario e contrasinal.
  - Familiarizarse co seu uso: acceso, ver os curso de cada un, visualizar o traballo, corrixir actividades e mandalas, etc.
- Páxina web do centro:
  - Acceso.
  - Estrutura.
  - Descarga de documentos.
  - Realización de enquisas,.
- Uso de correo electrónico:
  - Creación dun correo e xestión do seu uso.
  - Presentación adecuada dos correos.
- Introducción á plataforma de vídeo “Webex”.
  - Acceso.
  - Funcións básicas.
  - Normas de uso.
- Outras ferramentas dixitais:

- Traballo compartido en documentos comúns.
- Instagram, kahoot...



## **D.) Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.**

As actividades aquí propostas están enmarcadas dentro dun enfoque preventivo, co obxectivo de reducir e amortiguar o impacto emocional negativo producido pola crisis do COVID-19, facilitando a incorporación do alumnado ao entorno escolar despois de 6 meses.

Inclúense inicialmente actividades de acollida recomendadas para realizar o primeiro día de volta ao centro educativo. Consideramos prioritaria a educación para o cumprimento das medidas sanitarias de protección da saúde, que se incorporan nas actividades diarias e ordinarias de aula e centro, para fomentar en toda a comunidade educativa o autocuidado e a protección persoal. Todo elo unido a actividades de acollida e reencontro que permitan a expresión emocional compartida da vivencia durante o confinamento e o período non presencial de ensinanza.

Inclúense ademais un bloque de actividades, a desenvolver nas seguintes sesións que teñen como obxectivo continuar co acompañamento emocional do alumnado potenciando a cohesión de grupo.

### **ACTIVIDADES DE ACOLLIDA E COHESIÓN GRUPAL**

#### **1. TARXETA DE VISITA: PRESENTACIÓN DO ALUMNADO NO SEU GRUPO DE REFERENCIA**

##### **OBXECTIVOS**

1. Que as persoas integrantes do grupo-clase se presenten ao grupo.
2. Que coñezan os nomes e afeccións dos compañeiros e compañeiras de grupo.

## RECURSOS

- Folios
- Ordenador e proxector de aula.

**O desenvolvemento desta actividade para o primeiro día recóllese no Anexo.**

## 2. CUESTIONARIO

### OBXECTIVOS

1. Que o alumnado poida expresar as experiencias e dificultades vividas durante os meses de confinamento e vacacións de verán respecto do seguimento das curso escolar e relacións sociais.
2. Posibilitar ao profesorado titor e ao Departamento de Orientación detectar aqueles casos que poidan precisar máis axuda.

### RECURSOS

- Ordenador
- Aula virtual

## 3. HISTORIA DOS MEUS ÚLTIMOS SEIS MESES

Consiste en analizar e falar da experiencia vivida ao longo dos últimos seis meses nos que o alumnado viviu experiencias completamente novas e imprevisibles que conlevaron un confinamento domiciliario e unha desescalada paulatina para volver a recuperar pouco a pouco espazos comúns ao aire libre e relacións sociais.

## OBXECTIVOS

1. Xerar espazos para analizar as aprendizaxes da volta ao centro despois dun periodo de tempo tan extenso e cunhas características tan especiais como as que xerou e xera a pandemia actual.
2. Construír maiores fortalezas para afrontar o futuro.
3. Localizar os momentos “fito” durante o confinamento e a non asistencia ao centro (positivos ou negativos).
4. Pensar nas súas historias, facer un reconto do bo e do malo (integración de experiencias).
5. Identificar os obstáculos aos que se enfrentaron e se enfrentan, e as ferramentas coas que contan para superarlos.
6. Valorar os resultados para beneficiarse da experiencia
7. Cales foron os éxitos e cales os fracasos?
8. Propiciar a axuda mutua como elemento relevante no desenvolvemento como persoas e polo tanto na aprendizaxe.

## RECURSOS

- Ordenador
- Aula virtual
- Táboa das emocións
- Folios

## 4. O CUESTIONARIO CURIOSO

Actividade para coñecerse mellor.

Consiste en preguntar ao máximo de compañeiras e compañeiros cuestións curiosas, procurando que non se repitan os nomes nas diferentes preguntas, agás que non haxa ninguén que se axuste a esa pregunta.

As preguntas serán do tipo:

- Quen leu un libro no verán
- Quen ten unha irmá ou irmán maior
- Quen foi á praia
- Quen ten unha mascota...

## **OBXECTIVOS**

1. Fomentar vínculos e maior cohesión grupal a partir do coñecemento e descubrimento de afinidades entre o alumnado do grupo.
2. Buscar o contacto entre todos os compañeiros e compañeiras cun banco de preguntas amplo que obrigue a falar con todos e todas para obter respostas diferentes a cada pregunta.

## **RECURSOS**

- Aula virtual: foro
- Cuestionario

## **5. SE EU FOSE...**

O alumnado contestará a preguntas do tipo durante aproximadamente 15 minutos:

1. Se eu fose unha flor sería...
2. Se eu fose un animal sería...
3. Se eu fose un moble sería...
4. Se eu fose un instrumento musical sería...
5. Se eu fose un xogo sería...
6. Se eu fose un color sería...
7. Se eu fose unha hora do día sería ...
8. Se eu fose un mes do ano sería ...
9. Se eu fose unha profesión sería...
10. Se eu fose unha comida sería...

Unha vez terminado o titor ou titora recollerá todos os cuestionarios da clase e lerá ao chou algunhas respostas. O alumnado da clase tratará de averiguar de quen se trata explicando por que pensaron nesa persoa. A persoa “descuberta” poderá ser preguntada polas respostas elixidas.

## **OBXECTIVOS**

1. Coñecerse mellor e reflexionar sobre as propias respostas.
2. Buscar afinidades con compañeiros e compañeiras do grupo.
3. Mellorar a cohesión grupal

## **RECURSOS**

- Ordenador
- Aula virtual

## **6. A BURBULLA**

### **OBXECTIVOS**

1. Tras a experiencia do confinamento e estes meses de pandemia, habilitar un espazo no que sexa posible falar da ansiedade e do medo.
2. Describir que é ansiedade e que é medo.
3. Construír de maneira simbólica habilidades que favorezan a autoestima e a percepción do propio control.
4. Facilitar estratexias para o autocoidado.
5. Facilitar unha mirada de valor cara aos coidados en xeral

## RECURSOS

Folios ou ordenador.

## 7. A MALETA

Cada alumno/a debe dar a coñecer ao grupo un obxecto, canción, fotografía... que lle resulte importante. Proxectarase na pantalla da aula os distintos obxectos tendo que explicar cada alumno/a o motivo da súa elección. O profesorado titor tamén pode participar.

### OBXECTIVOS

1. Favorecer a interrelación e o coñecemento mutuo do alumnado.
2. Facilitar a distensión dentro do grupo

### RECURSOS

- Ordenador
- Proxector

## 8. COLLAGE DE EMOCIÓN

Trátase de facer un collage de emocións entre todo o grupo-clase, buscando imaxes que poidan provocar diferentes emocións: alegría, tristeza, nerviosismo, medo, tranquilidade, preocupación...

As emocións son algo que podemos dominar ou controlar e polo tanto é posible pasar dunha a outra.

O alumnado ten que explicar como cren que se pode pasar dunha emoción a outra (ou dun estado emocional a outro).

O resultado pode imprimirse e colocar nalgún lugar da aula.

## **OBXECTIVOS**

1. Recoñecer e asociar as emocións a situacións, interaccións, xestos e palabras.
2. Propiciar o paso da pura expresión da emoción, ao control da mesma.
3. Facilitar estratexias de pensamento previas á acción que lles axude a pensar antes de actuar.

## **RECURSOS**

- Ordenador, traballando en documentos compartidos.
- Proxector

Ao longo do curso 2020-2021 e dentro do Plan de Acción Titorial, incidirase na educación emocional, desenvolvendo nos niveis educativos ou nos grupos que se consensúe un Programa de Educación Emocional que contribúa a promover o desenvolvemento integral do alumno e da alumna, adquirindo un maior coñecemento das propias emocións e identificando as emocións do resto co obxectivo de desenvolver a habilidade de regular as propias emocións e previr os efectos nocivos das emocións negativas.

## ANEXO

### 1. TARXETA DE VISITA: DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

Con esta actividade pretendemos que as persoas integrantes do grupo-aula se coñezan un pouco mellor:

#### **Primeiro paso: (15 minutos aproximadamente)**

- Escribe, con letras grandes e no centro dun folio dobrado pola metade, o nome polo que che gustaría que te chamasen durante este curso; e entre paréntese o teu apelido e a clase/colexio no que estiveches o curso pasado.
- No ángulo superior dereito, escribe dous adxectivos que creas que te describen con bastante exactitude (curiosa, alegre, deportista...)
- No ángulo superior esquerdo escribe palabras que indiquen o que che gusta facer (nadar, ler, xogar, ir á praia...).
- Na parte inferior escribe nesta orde: un lugar que che gustaría visitar, a serie ou programa de TV que máis che gusta, o teu actor ou actriz favorito, o teu grupo musical e canción favorita, algunha cousa que fixeras e da que te sintes orgulloso/a, calquera actividade ou aspectos da túa personalidade pouco coñecidos polos teus compañeiros e compañeiras e que che pareza interesante dar a coñecer.
- Na parte de atrás, escribe as preguntas que che gustaría facer ao teu titor o titora (sobre a súa forma de ser, estilo de levar a clase, etc...).

- 

#### **Segundo paso: (10 minutos aproximadamente)**

- Cada alumna e alumno coloca sobre a súa mesa o seu folio.
- Pídesevos que durante uns 10 minutos observedes detidamente todas as tarxetas porque o paso seguinte será unha especie de proba de detectives baseada



na atención que teñades posto nos datos das tarxetas das vosas compañeiras e compañeiros.

### **Terceiro paso: (20 minutos aproximadamente)**

- Agora, o titor ou titora recolle as tarxetas (usar antes e despois o xel hidroalcohólico). A partir dunha cualidade ou afección lida nunha tarxeta, terán que adiviñar de quen se trata nun máximo de 8 preguntas.

- O alumnado comeza a facer preguntas e o titor/a pode responder si ou non. Por exemplo: Gústalle o fútbol, o baloncesto...? O ano pasado estaba en 6º B? O seu programa favorito é..?

- A partir da quinta pregunta podedes preguntar se o seu nome comeza ou remata por unha determinada letra.

- É importante que só se fagan preguntas de cousas que estean postas nas tarxetas.

- Cando se acerte o nome dalgunha das tarxetas lerase enteira como resumo. Deste modo conseguiremos reforzar o coñecemento das nosas compañeiras e compañeiros de clase en aspectos nos que quizais non caíramos na conta.

### **Cuarto paso: (15 minutos aproximadamente)**

Agora o titor ou titora pode responder ás preguntas que se lle fixeran pola parte de atrás do folio.